

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 23 de xuño de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día vinte e tres de xuño do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor Acctal., D. Julio Souto Diz.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32769.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de xuño 2023.

2.32770.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE GONDOMAR, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2021, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E REDE DE PLUVIAIS NO CAMIÑO PADRÓNS- GULFAR” (Expte. 2023041236)

No marco do Plan Concellos 2021, mediante acordo da xunta de goberno núm. 4.30630 de 30/07/2021, se lle concedeu ao *Concello de Gondomar* unha subvención, por importe de 173.635,56 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma do cruce da c/ Elduayen coa c/ Angel Urzaiç e redacción do proxecto*” (Expte.2021019140). Tal e como se indica na denominación do expediente, a subvención financiaba 163.955,56€ de execución de obra e 9.680,00 de honorarios de redacción do proxecto.

A través do rexistro WEB2023035140 de data 31/05/2023, o *Concello de Gondomar* achega o decreto da alcaldía núm. 2023-0788, da mesma data, mediante o que desiste parcialmente da subvención arriba subliñada. A motivación da desistencia radica na denegación da autorización sectorial por parte da entidade pública AXI; autorización necesaria para a execución das actuacións recollidas no proxecto técnico.



Así mesmo, de acordo co decreto arriba sinalado, o concello desiste á subvención concedida para a realización da obra.

En data 14/06/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023004681, acéptase a desistencia parcial do concello de Gondomar á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma do cruce da c/ Elduayen coa c/ Angel Urzaiiz e redacción do proxecto*” (Expte 2021019140) e deixase en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2021 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 163.955,56 euros con destino ao financiamento das novas propostas de inversión que pretende acometer o concello.

En data 31/05/2023, mediante rexistro WEB2023035140, emendada en data 13/06/2023 mediante rexistro WEB2023037781, o Concello de Gondomar solicita, formalmente e en prazo, que parte do crédito ao seu favor, na contía axustada de 60.647,57 euros, se aplique no financiamento da obra denominada “*Mellora da pavimentación e rede de pluviais camiño Padróns Gulfar*” (Expte 2023041236), cuxo orzamento ascende a 65.892,64 euros.

Consta no expediente o informe do Arquitecto Municipal, de data 06/06/2023, no que se indica que para a execución das obras contempladas no proxecto técnico non se precisan autorizacións sectoriais e o certificado da secretaria do concello acreditando que as obras actúan sobre un camiño catalogado no inventario de bens municipais.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta



de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DO CAMBIO FINALIDADE

- Base 17ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que os concellos con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para a realizar os investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderán solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022), que estende o prazo para solicitar investimentos por reinvestimento de baixas ou cambios de finalidade, ata o 31/05/2023, o de execución ata o 30/09/2023 e o de xustificación ata o 31/10/2023.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, á vista dos informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/06/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por cambio de finalidade, por importe de 60.647,57 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da pavimentación e rede de pluviais camiño Padróns-Gulfar*” (Expte 2023041236), en base a un orzamento que ascende a 65.892,64€, debendo achegar a entidade local 5.245,07€.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45.2021 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm.1 de 04/01/2021 (disponibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, de conformidade co acordo núm. 4.7875 do Pleno da Corporación Provincial que modifica a base 21ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar executado a 30/09/2023 e xustificado a 31/10/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.32771.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR REINVESTIMENTO DE BAIXA TEÓRICA, AO CONCELLO DE PONTEAREAS, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2021, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTROS MÁQUINA HIDROSTÁTICA E TRITURADORA DE MARTELO PARA MEDIO AMBIENTE” (Expte. 2023039749)

- En data 13/08/2021 concedéuselle, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 3.30703, unha subvención ao *Concello de Ponteareas*, por importe de 117.443,25€, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto muro de contención e remate muro peche punto limpo en Ponteareas*” (Expte.2021015763), incluído na liña 1 do Plan Concellos 2021, en base a un orzamento que importa 185.098,90€, o que supoñía unha porcentaxe de financiamento por parte da Deputación Provincial de 63,448918%.
- Con data 1/12/2021, mediante resolución da alcaldía núm. 2021-2706, adjudícase a obra “*Proxecto muro de contención e remate muro peche punto limpo en Ponteareas*” (Exp.:2021015763), á empresa CONSTRUCCIONES VALE S.L., por un importe de 82.350,50 euros. A baixa total de adjudicación ascendeu a 102.748,40€, o que determina unha baixa teórica a favor do concello de 65.192,75€, toda vez que se aplica a porcentaxe de financiamento.
- En data 30/05/2023, con rexistro WEB2023034742, o *Concello de Ponteareas* solicita, formalmente e en prazo, dispoñer da baixa teórica constatada tras a adjudicación do contrato da obra arriba referida para financiar o novo investimento que pretende acometer a entidade municipal, consistente na adquisición de “*Subministros máquina hidrostática e trituradora de martelo para Medio Ambiente*” (2023039749), cuxo orzamento ascende a 65.193,86€.
- En data 13/06/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023004617, deixase en dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/942.9425.762.45.2021 e no correspondente proxecto de gasto, crédito por importe de 65.192,75 euros con destino ao financiamento da nova proposta de inversión que pretende acometer o concello.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28 de outubro de 2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31 de outubro de 2022).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2021 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA AUTORIZACIÓN DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS TEÓRICAS

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2021, que dispón que os concellos poderán reinvestir as baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final e a xustificación do investimento. Para isto, a entidade municipal debe solicitado expresamente e o órgano de contratación deberá asumir o compromiso de financiar con fondos propios do concello, os incrementos de custe derivados da tramitación dun modificado ou dun exceso de medición que se poidan producir no investimento primixenio.
- Acordo plenario núm. 4.7875 de 28/10/2022 (publicado no BOPPO núm. 208 de 31/10/2022), que estende o prazo para solicitar investimentos por reinvestimento de baixas ou cambios finalidade ata o 31/05/2023, o de execución ata o 30/09/2023 e o de xustificación ata o 31/10/2023.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais



e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 16/06/2023, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/06/2023, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/06/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ponteareas*, CIF: P3604200J, unha subvención por reinvestimento de baixa teórica, por importe de 65.192,75 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Subministrados máquina hidrostática e trituradora de martelo para Medio Ambiente*” (Expte 2023039749), en base a un orzamento que ascende a 65.193,86 euros, debendo achegar a entidade municipal 1,11€.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9425.762.45.2021 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan Concellos 2021, aprobadas polo acordo plenario 1.7538 de 15/12/2020 e publicadas no BOPPO núm.1 de 04/01/2021 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de conformidade co acordo núm. 4.7875 do Pleno da Corporación Provincial que modifica a base 21ª das reguladoras do Plan Concellos 2021, o investimento deberá estar realizado a 30/09/2023 e xustificado a 31/10/2023. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponteareas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.32772.- APROBACIÓN DA ADDENDA Nº 1 AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS” (EXPTE.2021019232).

- En data 31/05/2021 asinouse un convenio de colaboración entre o *Concello de Vigo* e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do estadio municipal de fútbol Balaídos en relación ós proxectos das gradas de “Marcador “ e “Gol”. Segundo o seu pacto primeiro, os investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra “Nova grada de Marcador do estadio municipal de Balaídos”, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020.
- O pacto DÉCIMO do convenio prevé a constitución dunha “COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL”, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.



Así, por mor das peculiaridades derivadas da execución real dos contratos vinculados a execución da obra “Nova grada de marcador do estadio municipal de Balaídos”, a Comisión de seguimento e control, en virtude das súas competencias, na reunión de data 10/05/2023, aproba por unanimidade a proposta de adecuación das obrigas de financiación do convenio, xustificada polos condicionantes técnicos e económicos, recollidos no informe técnico presentado e asinado polo Xefe da Área de Inversións, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, e conformado polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 09/05/2023, e respecto dos que se fai unha descrición xeral na memoria xustificativa da addenda de data 08/06/2023 (CSV: PMSFQXVGQZ8VBYS2), baixo a rúbrica “Informe das actuacións realizadas e proposta de reaxuste dos porcentaxes de financiación”.

- O pacto SEGUNDO do convenio recolle que o importe do mesmo ascende á cantidade de “DEZASETE MILLÓNS NOVENTA E SEIS MIL SETECENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS ” (17.096.754,39 €) incluíndo os gastos de execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra.

493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”	16.650.000,00 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	144.205,99 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS"	302.548,40 €
Importe total destas actuacións:	17.096.754,39 €

- No citado pacto segundo do convenio, no seu punto 2, establécese a obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do estadio municipal de Balaídos nun 50% da totalidade dos custes.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	8.548.377,19 €
CONCELLO DE VIGO	8.548.377,20 €
	17.096.754,39 €



- A situación actual de execución implica que os importes das actuacións contempladas no convenio ascendan a 21.011.372,75 € tal como queda reflectido na seguinte táboa, e en virtude do cal procede realizar unha reformulación das obrigas económicas vinculadas ó convenio.

Contratos vinculados o Convenio	Proposta do Convenio	Importes actuais de execución
493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”	16.650.000,00 €	20.662.080,73 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	144.205,99 €	107.979,42 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".	302.548,40 €	241.312,60 €
Importe total destas actuacións:	17.096.754,39 €	21.011.372,75 €
Achega Deputación Provincial de Pontevedra	8.548.377,19 €	8.548.377,19 €
Achega Concello de Vigo	8.548.377,20 €	12.462.995,56 €

- Conforme as táboas anteriores, a obriga de financiación para cada unha das administracións establececese nun 50% da totalidade dos custes inicialmente contemplados no convenio sobre o total dos 17.096.754,39€, pero en virtude dos importes actuais de execución a achega inicial da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 8.548.377,19 €, determinase como achega finalista ao convenio, suprimindo así a obriga de financiar o 50% das actuacións no marco da “NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”, aportando o Concello de Vigo a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.
- As actuacións que implican alteracións de carácter substancial acaecidas no desenvolvemento das obras foron dotadas de crédito no marco orzamentario do Concello, co obxecto de axilizar a execución no ámbito da súa competencia, como entidade executora do mesmo. Asemade, no marco do convenio, cabe lembrar que ambas partes propuxeron que as modificacións que xurdisen foran asumidas polo Concello de Vigo de acordo os compromisos económicos xa realizados.



- O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda reflíctense na citada Memoria xustificativa de data 08/06/2023 (CSV: PMSFQXVGQZ8VBYS2), na que tamén se fai constar que a adecuación financeira sobre as obrigas para o Concello de Vigo, as cales xa foron executadas e que na actualidade se atopan todas contempladas no marco orzamentario vixente, no supoñen ningún desequilibrio orzamentario, polo que dita proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación do presente convenio.
- En data 19/06/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta da addenda e, pola súa banda, na mesma data, a Intervención provincial emite dilixencia de fiscalizado e conforme da dita proposta.
- Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 22/06/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio vixente.

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o exercicio vixente, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda:

- Artigo 48.5. da LRXSP, que dispón que os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia del convenio. En consonancia con anterior o artigo 49.d) dispón entre o contido mínimo dos convenios, as obrigas e compromisos económicos asumidos por cada parte e a súa distribución temporal por anualidades.
- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos. A estes efectos, o pacto décimo do convenio prevé unha Comisión de Seguimento, na que se deu conta do estado de execución do convenio e propón a aprobación dunha addenda para adecuar os compromisos financeiros.

Competencia das administracións:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Competencia para resolver:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade cos artigos 35 da LRBRL e 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo, visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de



terceiros, INFORMO FAVORABLEMENTE a sinatura da ADDENDA Nº1 para a adecuación financeira do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓN DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÇOS co fin de adecuar as achegas económicas inicialmente comprometidas, mantendo as mesmas obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra e mantendo invariable o texto do convenio en todo o demais. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

–Aprobar a “ADDENDA Nº 1 Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓN DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÇOS” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA Nº 1 Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓN DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÇOS

En Vigo a data da sinatura dixital.

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e reconécese reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo

EXPOÑEN

1.- O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, asinan respectivamente nas datas 24 e 31 de maio de 2021, a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓN DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÇOS.



2.- Dito convenio regula no pacto "DECIMO" a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Entre as competencias de dita comisión de seguimento atópase a de "emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire".

3.- A Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 10/05/2023, acordan por unanimidade a proposta de realizar unha reformulación das obrigas de financiación recollida no convenio en base as peculiaridades derivadas da excusión real dos contratos vinculados a execución da obra da NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, de acordo o contida da acta da reunión que se achega como anexo a esta addenda.

4.- Por todo o exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder o reaxuste das porcentaxes de financiación establecidos inicialmente no marco do convenio para a continuidade das actuacións do proxecto de remodelación do ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS ". conforme ós seguintes

PACTOS

PRIMEIRO: A deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar as obrigas da financiación do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS, de acordo coa seguinte proposta en relación as actuacións vinculadas coa execución do proxecto NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS:

a.- Recoñecemento das actuacións executadas polo Concello de Vigo en relación os contratos vinculados coa execución do proxecto NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS:

Contratos vinculados o Convenio	Proposta do Convenio	Importes actuais de execución
493/441.- CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO "DA NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS"	16.650.000,00 €	20.662.080,73 €
604/441.- COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	144.205,99 €	107.979,42 €
738/441.- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS".	302.548,40 €	241.312,60 €
<i>Importe total destas actuacións:</i>	<i>17.096.754,39 €</i>	<i>21.011.372,75 €</i>
<i>Achega Deputación Provincial de Pontevedra</i>	<i>8.548.377,19 €</i>	<i>8.548.377,19 €</i>
<i>Achega Concello de Vigo</i>	<i>8.548.377,20 €</i>	<i>12.462.995,56 €</i>



SEGUNDO: *Adecuación das obrigas de financiación do proxecto NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS:*

a.- Modificar o punto 2 do “pacto segundo” de acordo co seguinte texto:

A obriga de financiación para cada un das administración en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaidos establece nun 50 % da totalidade dos custes inicialmente contemplados no convenio sobre o total dos 17.096.754,39 €. Polo cal a achega inicial da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 8.548.377,19 €, determinase como achega finalista o convenio, suprimindo a obriga de financiar o 50 % das actuación no marco da NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS, aportando o Concello de Vigo a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

A vista desta condición non será de aplicación o recollido no “pacto quinto” do convenio en relación a financiación do 50 % para financiación deste convenio.

b.- En relación as obrigas económicas, a proposta mantén as mesmas obrigas para a Deputación Provincial de Pontevedra recollidas no convenio vixente.

En relación coas obrigas económicas para o Concello de Vigo, propónse o seguinte axuste:

- O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos na cláusula segunda deste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE MARCADOR, a contía de (12.462.995,56 €) así como calquera outro gasto derivado da liquidación final dos contratos vinculados a execución desta obra.*
- A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo coas modificacións de créditos realizadas no exercicio 2022 e incorporadas como remanentes no exercicio 2023, o cal garantira a execución das obrigas.*

<i>Exercicio 2020</i>	<i>2.200.000,00 €</i>
<i>Exercicio 2021</i>	<i>3.107.000,00 €</i>
<i>Exercicio 2022</i>	<i>3.000.000,00 €</i>
<i>Modificación de crédito 2022 (*)</i>	<i>2.100.000,00 €</i>
<i>Modificación de crédito 2022 grada marcador (*)</i>	<i>1.015.000,00 €</i>
<i>Modificación crédito 2022 previsión RDL 3/2022 (*)</i>	<i>2.125.000,00 €</i>
<i>Exercicio 2023</i>	<i>289.764,95 €</i>
<i>Total:</i>	<i>13.836.764,95 €</i>

() Créditos incorporados como remanentes no exercicio 2023.*

TERCEIRO: *En todo o demais, o texto do convenio asinado polo Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, respectivamente nas datas 24 e 31 de maio de 2021, mantense invariable, suxeitándose as partes ó seu clausurado.*



E para que así conste, e en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

*O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo
Asdo. Abel Caballero Alvarez*

*A Presidenta da Deputación de Pontevedra
Asdo.: M^a Carmen Silva Rego*

A Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra.

Asdo.: Susana Gallardo Fariña

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay”

- Facultar á presidenta para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

5.32773.- APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA PARA A MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE P” (Expte.2023043256)

No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vigo* desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a “*Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela) FASE P*”, co obxectivo de recuperar e mellorar o espazo urbano, adaptando o parque a uns criterios de integración no entorno urbano.

Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 15/06/2023 con número de rexistro 2023013645 o *Concello de Vigo* presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.

Así, o *Concello de Vigo* remite o proxecto do devandito investimento cun orzamento base de licitación de 1.500.000,00 €, máis IVE e, segundo o previsto na proposta de convenio, as actuacións serán financiadas pola Deputación nun 62,67%, que se compromete a achegar a contía de 940.000,00 € no exercicio 2023, comprometéndose o *Concello de Vigo* a realizar unha achega máxima de 560.000,00 €, financiando o 37,33 % do proxecto.

Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. A estes efectos, a proposta de Convenio infórmase pola xefa do Servizo de Cooperación en data 19/06/2023 (CSV: FWJ0IRXVKGZ8UN5P) no relativo ó interese público do investimento. Así mesmo, o proxecto técnico ten o conforme dos facultativos técnicos do Servizo de Cooperación de data 19/06/2023 (CSV: 8K3WC71RY534101U), e a Intervención Provincial en data 20/06/2023 (CSV: 8Y58W3NNTASQ2ZUF) informa favorablemente o expediente, manifestando a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 2023/942.9420.762.14 do orzamento provincial.



- En data 22/06/2023 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social levar a cabo a “*Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela) FASE I*”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.b) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de medio ambiente urbano, en particular parques e xardíns públicos.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2023, dotación orzamentaria na aplicación 2023/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.



CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Vigo e, de modo xeral para toda a veciñanza, o *Concello de Vigo* e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa cooperación co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o financiamento e execución das obras necesarias para levar a cabo o investimento “*Mellora integral, novo arborado e mobiliario no parque de Navia (Nelson Mandela) FASE I*”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA) FASE I*”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA PARA A MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I*” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA PARA A MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I.*”

En Vigo, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- A Deputación Provincial de Pontevedra contempla nos orzamentos unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital créditos para o establecemento dos correspondentes convenios de colaboración cos Concellos e concretamente co Concello de Vigo para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste expediente.

III.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos para o desenvolvemento dun proxecto transversal de humanización da cidade, ven de aprobar un novo proxecto para a MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA), FASE I, que ten por obxecto a recuperación e mellora do espazo urbano, adaptando o parque a uns criterios de integración no entorno urbano no que encontrarse.

IV.- Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora á transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:



PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver e cofinanciar o proxecto para a **MELLORA INTEGRAL, NOVO ARBORADO E MOBILIARIO NO PARQUE DE NAVIA (NELSON MANDELA)**, FASE I, de acordo coas actuacións que se propoñen no proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 18/11/2022 e redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, e asinado dixitalmente en data 9 de novembro de 2022.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de **UN MILLÓN CINCOCENTOS MIL EUROS (1.500.000,00€)**, incluíndo os gastos asociados á obra en relación as asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, dirección da obra ou asistencia á dirección, e serán asumidas entre ambas administración de acordo cos seguintes importes: A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de **“NOVECIENTOS CORENTA MIL EUROS (940.000,00 euros)**, que terá carácter finalista para a execución da obra.

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva e integra para á execución do convenio.

O pagamento do importe referido á anualidade 2023 se realizará con cargo á aplicación 942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de **CINCOCENTOS SESENTA MIL EUROS (560.000,00 euros)**. A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación orzamentaria do ano 2023 1710.619.00.63 **MELLORA ACONDICIONAMENTO PARQUE NAVIA 1^a ANUALIDADE**.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2023, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo e descritas no anexo económico deste convenio se corresponden cos seguintes compromisos globais de forma anual:

	Exercicio 2023
Deputación de Pontevedra	940.000,00 €
Concello de Vigo	560.000,00 €
TOTAL CONVENIO	1.500.000,00 €

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades.



2.- O Concello de Vigo comprométese a comunicarlle a Deputación Provincial de Pontevedra cada un dos proxectos de execución vinculados ao obxecto deste convenio, para o cal lle remitirá copia completa do proxecto unha vez se atope aprobado pola Xunta de Goberno Local.

3.- Licitados e formalizados os contratos das obras para a execución do investimento aos que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarse a esta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción das obras obxecto do convenio, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das acta dos actos de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e das certificacións finais das mesmas.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica e no proxecto aprobado, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.



Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- *Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.*
- *Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.*
- *Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas. Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS E ACTUACIÓN VINCULADAS AO CONVENIO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos dos investimentos obxecto deste convenio en base as obrigas económicas das partes.

O importe das baixas poderá destinarse ao financiamento de modificados e posibles excesos de medición do mesmo.

A achega da Deputación Provincial ten carácter finalista na súa totalidade e o Concello de Vigo de ser necesario asumirá a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final do proxecto que superen o importe determinado neste convenio.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e no proxecto técnico, sempre que a execución final sexa superior o importe da achega da Deputación Provincial, asumindo de ser o caso a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final do proxecto que superen o importe determinado neste convenio.*
- Licitar o proxecto que conforma a actuación obxecto deste convenio.*
- Executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.*
- Contratar, de selo caso, as asistencia técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.*
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.*
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.*



- i) *Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.*
- j) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, e Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) *Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa e finalista para a execución do proxecto obxecto do convenio.*
- b) *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, se deberá publicar a achega concedida na BDNS e na WEB da Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos s termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.



*Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.
As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.*

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- *A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.*
- *A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- *A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.*
- *A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes.

Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- PRAZOS DE EXECUCIÓN, XUSTIFICACIÓN E VIXENCIADO CONVENIO

Os investimentos obxecto deste Convenio deberán estar executados, finalizados e xustificados na data límite do 31/12/2024. No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30/06/2025.

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos aos que o mesmo se refire, ou vencemento do prazo máximo inicial ou prorrogado previsto neste Convenio.



DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- *O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

2º.- *O acordo unánime dos asinantes.*

3º.- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

5º.- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*O Alcalde-Presidente do Concello de Vigo
Asdo.: Abel Caballero Álvarez*

*A Presidenta da Deputación de Pontevedra
Asdo.: M^a Carmen Silva Rego*

*A Secretaria do Goberno Local do Concello de
Vigo
Asdo.: Susana Gallardo Fariña*

*O Secretario Xeral da Deputación de
Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay*

- *Facultar á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.*



6.32774.- APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA GRAN FINAL DAS SERIES MUNDIAIS DE TRIÁTLON PONTEVEDRA 2023” (Expte. 2023043254)

A Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pontevedra*, no exercicio das súas respectivas competencias, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións, desenvolven accións de cooperación na planificación e execución de proxectos e actuacións de ámbito cultural e deportivo.

Co fin de colaborar no desenvolvemento da Gran Final das Series Mundiais de Tríatlon que terá lugar na cidade de Pontevedra entre os días 20 e 24 de setembro, ambas entidades locais elaboraron conxuntamente unha proposta de convenio de colaboración, por entender que se trata dun gran apoio ás iniciativas de promoción do deporte e a posta en valor dos recursos turísticos.

O *Concello de Pontevedra* presentou o día 15/06/2023 no Rexistro da Deputación (núm. Rexistros WEB2023038250 e WEB2023038323), emendada na data 16/06/2023 (núm. Rexistro WEB2023038584), a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.

Revisada polo Servizo de Cooperación a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

O orzamento total do convenio deportivo é de 500.000,00 €. A achega á que se obriga a Deputación Provincial de Pontevedra é do 100% do orzamento do convenio, contra a aplicación orzamentaria 2023/942.9420.462.14.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 19/06/2023, o informe da xefa do Servizo de Cooperación sobre o interese público da actuación de 20/06/2023 e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 20/06/2023.

Así mesmo, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 22/06/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, do 30 de decembro de 2016 (OXS).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións xurídicas

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial vixente, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.



- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia das administracións:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 109 da LALGA, que atribúe ás deputacións competencias en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA.

Competencia para resolver:

- Artigo 8.2 da OXS, que en virtude do establecido na base 16.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade co disposto nos artigos 35 da LRBRL e 10 da LXS, atribúe a competencia para resolver á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación, a Deputación e o Concello de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento da gran final das series mundiais de Tríatlon Pontevedra 2023.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do dito convenio de colaboración entre ambas administracións. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DA GRAN FINAL DAS SERIES MUNDIAIS DE TRÍATLON PONTEVEDRA 2023* “ cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DA GRAN FINAL DAS SERIES MUNDIAIS DE TRÍATLON PONTEVEDRA 2023

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Dontra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,



EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de accións de desenvolvemento do deporte, a cultura e a promoción turística.

III. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), deciden potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador e a posta en valor dos recursos turísticos e culturais do municipio e da súa contorna, posibilitando a consolidación de importantes eventos deportivos na provincia.

A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na celebración do destacado evento deportivo Gran Final das Series Mundiais de Tríatlon Pontevedra 2023.

A Serie do Campionato Mundial de Tríatlon (World Triathlon Championship Series) é unha serie de carreiras icónica para coroar aos Campións Mundiais de tríatlon masculino e feminino. Tal e como se define pola World Triathlon, a Gran Final das Series Mundiais é a “xoiá da coroa” do calendario anual do tríatlon mundial e a carreira máis prestixiosa deste deporte, polo que este campionato será probablemente o maior evento deportivo celebrado en Galicia nos últimos 20 anos, sendo as anfitriñas anteriores cidades como Londres, Budapest, Beijing, Auckland, Chicago, Lausana e Abu Dhabi.

Este prestixioso evento reunirá, durante máis dunha semana, a máis de 4.000 participantes de todas as nacionalidades, que encherán Pontevedra e a súa provincia dos mellores deportistas do mundo na modalidade de tríatlon en cada unha das súas categorías; xunto con persoal da organización, representantes federativos, medios de comunicación, público estranxeiro, acompañantes, etc, atraerán ás Rías Baixas a máis de 10.000 visitantes, prevéndose ademais que máis de 50 canles de televisión nacionais e internacionais de 20 países distintos sigan esta competición, o que garante máis de 200 horas de emisión televisiva que terán a Pontevedra como escaparate.

Esta alta participación e difusión supón un impacto económico directo, para Pontevedra e a súa comarca, de máis de dez millóns de euros, e unha divulgación dos recursos turísticos e culturais de Galicia e, en particular, da Provincia e do Concello de Pontevedra extraordinarios.

Tendo en conta a gran importancia que un evento deportivo desta magnitude ten para a cidade de Pontevedra e para todas as Rías Baixas nos eidos da promoción do deporte e da cultura, e na dinamización económica e turística da provincia, as entidades públicas con competencia na materia amosan, coa sinatura deste pacto o seu apoio á Gran Final das Series Mundiais, para aproveitar a oportunidade dun acontecemento deportivo destas características e procurar que a imaxe da cidade e da provincia de Pontevedra sexa a mellor posible a todos os niveis: organizativo, de acollida, cultural, deportivo, turístico e económico.



De conformidade coa normativa propia desta proba, a titular do evento, xa que se trata dunha competición deportiva oficial de carácter internacional, corresponde á Federación Internacional de Tríatlon (WT) que, coa designación de Pontevedra como sede, nomeou á súa federación nacional integrante, a Federación Española de Tríatlon (FETRI), como órgano xestor do evento, delegando nela a organización do campionato.

Ao tratarse dun evento do máis alto nivel, que require unha fundamental coordinación cos estamentos públicos (Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello), constituíuse un Comité Organizador no que se integrasen as institucións deportivas e as Administracións Públicas: Federación Internacional de Tríatlon, Federación Española de Tríatlon, Federación Galega de Tríatlon, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Concello de Pontevedra e Consejo Superior de Deportes. A Presidencia deste Comité Organizador corresponde á persoa titular da alcaldía de Pontevedra, por seren este cargo o que ostenta a representación da cidade sede do evento.

IV. Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade, o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

V. Que os artigos 25.1 e 25.2.b), l) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 e 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción da actividade turística, promoción do deporte, da ocupación do tempo libre e da cultura. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, a de fomentar, promover e difundir o deporte e realizar calquera actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local. Pola súa parte, o artigo 7 da citada Lei 3/2012, de 2 de abril, atribúelle ás deputacións no seu ámbito territorial competencias no fomento, difusión e promoción do deporte, de asistencia aos municipios no desenvolvemento da práctica deportiva e calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Por outra banda, cómpre subliñar que o fomento da educación física e o deporte e a promoción da adecuada utilización do ocio é unha competencia concorrente de todas as administracións e unha obriga dos poderes públicos, segundo se desprende do artigo 43 da Constitución Española de 1978.

VI. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2023, recolle unha aplicación orzamentaria para convenios co Concello de Pontevedra.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



VIII. *Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese provincial das actuacións. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.*

IX. *Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de fomento deportivo, cultural e de ocio e de promoción turística e económica acordan aprobar o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento da Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo as seguintes*

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a celebración do campionato do mundo de triatlón Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023, que terá lugar entre os días 20 e 24 de setembro de 2023, regulando as obrigas e compromisos de cada unha das partes asinantes.

Segunda. Importe e financiamento

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe que ascende á cantidade total de cincocentos mil euros (500.000,00€), IVE engadido, para facer fronte aos gastos relacionados co desenvolvemento do campionato do mundo de triatlón Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023.

A achega da Deputación de Pontevedra financiará o custo total subvencionable máximo das actuacións para as que se solicita a subvención, con cargo á anualidade 2023 e contra a aplicación 23/942.9420.462.14 do orzamento provincial.

A achega comprometida consiste nunha contía fixa máxima, e no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do evento financiado, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

Terceira. Execución do convenio

1. A execución do evento deportivo para o que se solicita a subvención e o seu financiamento, terá lugar durante o ano 2023 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

2. O Concello de Pontevedra redactará unha proposta de convenio de colaboración coa Federación Española de Triatlón (FETRI), CIF Q0878004A, para a organización e desenvolvemento do campionato do mundo de triatlón Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023 que se desenvolverá do 20 ao 24 de setembro de 2023. Esta entidade ostenta a condición de órgano xestor e organizador do evento deportivo, por acordo da titular deste campionato, a Federación Internacional de Triatlón (a World Triathlon). Consonte co disposto no artigo 51 da Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte e de conformidade co anexo A) do documento de constitución da World Triathlon (Federación Internacional de Triatlón), a titularidade e a condición de organizador da proba deportiva corresponde á federación deportiva de ámbito nacional da disciplina á que se refire o evento, Federación Española de Triatlón.



3. O Concello de Pontevedra remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación de Pontevedra así como a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.
4. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actividades e actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao responsable da organización e xestión da competición deportiva dar as ordes e instrucións que procedan.

Cuarta. Compromisos do Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Pontevedra e a Federación Española de Triatlón (FETRI) para a organización e desenvolvemento da Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar ante a Deputación a realización e financiamento das actuacións ás que se refire este convenio, nos termos da cláusula sexta do convenio de colaboración.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, nos termos previstos na cláusula oitava, de tal xeito que quede constancia que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Cumprir as obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

Quinta. Compromisos da Deputación de Pontevedra

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada unha vez que o Concello de Pontevedra presente a conta xustificativa da subvención outorgada, logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a FETRI, obxecto deste convenio, á supervisión e comprobación dos seus servizos administrativos e técnicos e, se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017.



Sexta. Xustificación e pagamento

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria, unha vez que o Concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización da actuación para a que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Copia do acordo do órgano municipal competente polo que se aprobe o convenio asinado entre o Concello de Pontevedra e a FETRI para a organización e desenvolvemento da Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023.*
- Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo e resolución de aprobación da conta xustificativa e pagamento a favor da FETRI relativos ao convenio que asine o Concello de Pontevedra coa dita federación.*
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, coa relación de gastos e ingresos da actividade.*

Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables a algún dos conceptos fixados no orzamento inicial presentado para a subscripción do convenio, sempre que resultaran estritamente necesarios para executar a actividade subvencionada e se teñan devindicado no período subvencionable. O período subvencionable abranguerá o tempo necesario para a organización e preparación do evento deportivo, que dada a súa grande repercusión e complexidade, será de 6 meses antes ao inicio da actividade e 1 mes despois da súa clausura.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos na memoria de actuación da subvención, sen que abone máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, establecendo unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos e partidas da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custe ou gastos pola organización e desenvolvemento da Gran Final das Series Mundiais de Triatlón Pontevedra 2023, polo importe da subvención concedida.*
- Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.*
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.*

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación da achega será o 31 de marzo do 2024.



Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

Oitava. Publicidade:

En toda a documentación e informacións relativas á actuación á que se refire o presente convenio figurarán en todos os formatos os logotipos da Deputación e do Concello de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontevedra.

De o considerar procedente, a Deputación de Pontevedra participará nos actos destacados do campionato deportivo, segundo as normas protocolarias que sexan de aplicación.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Novena. Comisión de seguimento:

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*



– *A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décima. Vixencia:

O presente convenio producirá os seus efectos desde á data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2023, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2024.

Décimo primeira. Extinción e causas de resolución

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- *O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- *O acordo unánime dos asinantes.*
- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos.*

Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

Décimo segunda. Réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polas cláusulas que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio. E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.
O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores
O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro
A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, María del Carmen Silva Rego
O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

- A sinatura do dito convenio condiciónase á aprobación previa deste polo órgano competente do *Concello de Pontevedra*.
- Facultar á presidenta para formalizar o devandito Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

7.32775.- APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DURACIÓN DO PROXECTO ERASMUS+ 2022 (CONVENIO DE SUBVENCIÓN CO SEPIE 2022-1-ES01-KA121-VET-000064494) (Expte.2021064912).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 5.32125.- *Aprobación do proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra na convocatoria de propostas 2022 do Programa Erasmus+ e xeración de crédito* (Expte. 2021064912).

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.

Número de participantes: 60 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 5 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2022 ata o 31 de agosto de 2023). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Estímase que as estadias dos estudantes faranse ao longo de catro períodos a concretar.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.



O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2022 ata ao 31 de agosto de 2023. Ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios teñen a posibilidade de ampliar os seus proxectos ata unha duración total de 24 meses. Isto establécese na Guía do Programa Erasmus+ (*Erasmus+ Programme Guide*), que forma parte integrante da Convocatoria de Propostas 2022 do Programa Erasmus+.

Con data 6 de xuño de 2023 emitiuse informe-proposta asinado polo xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no que se solicitaba a sinatura da solicitude de ampliación da duración do proxecto Erasmus+2022 por parte da presidenta da Deputación para a súa presentación ante o SEPIE.

A dita solicitude foi aprobada polo SEPIE segundo a notificación recibida de data 13 de xuño de 2023, na que se sinala que se modifica a duración do proxecto de 15 a 24 meses, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2024.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 16 de xuño de 2023.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a ampliación da duración do proxecto Erasmus+ 2022 (2022-1-ES01-KA121-VET-000064494) de 15 a 24 meses, establecéndose como data de finalización o 31 de maio de 2024, de conformidade coa solicitude aprobada polo SEPIE.

8.32776.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023043429).

Vista a relación de facturas con número 2023043429, que contén vintedúas facturas e por un importe de 39.799,87 € e con CSV: JLA6VT0XO3XCKZZ9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16/06/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	39.799,87 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	39.799,87 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



9.32777.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte.2023043427)

Vista a relación de facturas con número 2023043427, que contén unha factura e por un importe de 248,05€ e con CSV: AY9ZT5YOJYRYV63N, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16/06/2023, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	248,05 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	248,05 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

10.32778.- APROBACIÓN DA REDISTRIBUCIÓN DA FINANCIACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 13/2018 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DUN SISTEMA DE SERVIDORES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
(Expte.2022043170).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2022, acordou adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco 13/2018 da Central de Contratación do Estado para a subministración dun sistema de servidores para a Deputación de Pontevedra, á empresa ALTIA CONSULTORES, S.A. (NIF: A15456585), polo seguinte prezo ofertado:

PREZO SEN IVE	IVE (21%)	PREZO CON IVE
652.639,70 €	137.054,34 €	789.694,04 €

No mesmo acordo estimouse como data de inicio das obrigas derivadas do presente contrato para o soporte e mantemento, o 1 de maio de 2023.

A vista do informe emitido polo xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 14 de xuño de 2023, no que se indica:

“Tendo en conta que a acta de recepción favorable con CSV: MFPJORHBS72L01SG, do equipamento subministrado foi asinada en data 05/06/2023, iniciándose nesa data o prazo de duración do contrato de 3 anos con efectos do 05/06/2023 ó 04/06/2026, procede reaxustar o financiamento do contrato, para a prestación do servizo de mantemento...”



En data 19/06/2023, emítese pola Intervención informe de conformidade co presente reaxuste de financiamento.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Redistribuír a financiación do contrato baseado no Acordo Marco 13/2018 da Central de Contratación do Estado para a subministración dun sistema de servidores para a Deputación de Pontevedra, de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación presupuestaria	Importe total
2023	22/926.9260.626.01.2021	29.240,35 €
	22/926.9260.626.01	517.679,98 €
	23/926.9260.641.00	48.451,10 €
2023 (05/06 ao 31/12)	23/926.9260.227.23	18.549,91 €
2024	24/926.9260.641.00	48.451,10 €
	24/926.9260.227.23	32.473,47 €
2025	25/926.9260.641.00	48.451,10 €
	25/926.9260.227.23	32.473,47 €
2026 (01/01 ao 04/06)	26/926.9260.227.23	13.923,56 €
Total		789.694,04 €

11.32779.- REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DA OBRA “MELLORA SEGURIDADE PEONIL NA EP 1005 VISO HÍO, CONCELLO DE CANGAS”. (Expte.2021005584)

Por acordo de Xunta de Goberno de data 22 de outubro de 2021, adxudícase o contrato de obras “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Cangas)*” á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537) polo importe 930.752,53 € IVE incluído cun prazo de execución de 6 meses.

Con data 07/10/2022 a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. presenta por rexistro (WEB2022053013) unha solicitude provisional de revisión excepcional de prezos acompañada dos cálculos propostos cos índices publicados.



Con data 29/03/2023 (WEB2023022115) presenta una nova solicitude de revisión de prezos cos índices actualizados e un novo recálculo o 12/04/2023 (WEB2023024939) corrixindo os presentados en marzo.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítese informe, con data 24 de abril do 2023 (CSV: JXVLSPVAD48P5RQY) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato que foi formalizado o día 03/11/2021 logo de que o día 24/08/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº153 que non coincide coa indicada no proxecto de obra. De acordo co disposto no artigo 8 letra b do Real Decreto-lei 3/2022 de 1 de marzo, e dado que no proxecto construtivo se determina a fórmula nº141 como fórmula de revisión de prezos a empregar, dentro das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 141 é a que se ten que utilizar neste contrato.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, usando a fórmula nº153. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 141 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 6,08%. Xúntase revisión efectuada. O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar usando a fórmula nº153, indicando que dito importe ascende a 108.283,94, € + IVA. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 141 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 72.798,18 € (con IVE).”*

Con data 31 de maio do 2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 72.798,18 € mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300114086)

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 30 de maio de 2023, informa que favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos coas seguintes observacións:



“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.

As obras obxecto do contrato executáronse mediante convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Cangas, con financiamento de ambas entidades correspondendo unha aportación do 80% á Deputación e dun 20% ao Concello. Da aplicación da fórmula de revisión excepcional de prezos resulta o importe a abonar ao contratista de 72.798,18 € que tendo en conta as previsións da cláusula terceira do convenio asinado será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos, supoñendo un exceso sobre a financiación inicialmente prevista de 56.783,84 € e correspondendo por tanto, ao Concello unha nova aportación de 11.356,77€.”

En data 16/06/2023, pola Secretaria préstase conformidade á proposta de revisión excepcional de prezos, mediante informe csv 450N1DC04VTZE9YQ.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as fórmulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do contrato de “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Cangas)*”, adxudicado á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36533537), aplicando a fórmula nº 141 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 72.798,18 euros, IVE incluído.

2.- Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B-36533537) por importe 72.798,18 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento Provincial.

3.- Repercutir ao *Concello de Cangas* o importe de 11.356,77€, en cumprimento da cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado coa Deputación para a execución das obras obxecto do contrato que establece que calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade coa aplicación dos coeficientes de financiación Deputación 80% e o *Concello de Cangas* 20%.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

12.32780.- REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DA OBRA “*MELLORA SEGURIDADE PEONIL NA EP 9212 NOALLA A PRAIA DA LANZADA DENDE O PK 0+000 ATA O PK 1+224 SANXENXO*”. (Expte. 2021020912)

A Xunta de Goberno de data 5 de novembro de 2021, acordou adxudicar o “*Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)*” á empresa ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL polo importe 771.980 € IVE incluído, cun prazo de execución de 6 meses.



Con data 29 de novembro de 2022 a empresa ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL presenta por rexistro (WEB2022060190) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato acompañada dos cálculos propostos cos índices publicados.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítese informe, con data 25 de abril de 2022 (CSV: ZESDKZTL6WQGSS07) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato que foi formalizado o día 1/12/2021 logo de que o día 14/09/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº151 que non se axusta ao tipo de obra. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 381 é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, usando a fórmula nº 151, aínda que con incorreccións nos índices de prezos usados. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 381 cumprese dito requisito, obtendo un incremento do 6,11%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar aplicando a fórmula 151, con erros nos índices utilizados, indicando un importe de revisión superior ao límite establecido do 20% do orzamento de adxudicación polo que, atendendo a esta circunstancia solicita un importe equivalente ao 20% que ascende a 127.600,00 euros (IVE non incluído). Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 381 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 59.444,36 € con IVE.”*

Con data 31/05/2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 2023/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 59.444,36 € mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300113817.



Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 31/05/2023, informa que:

“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato ou, no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.

As obras obxecto do contrato executáronse mediante convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Sanxenxo, con financiamento de ambas entidades correspondendo unha aportación do 70% á Deputación e dun 30% ao Concello. Da aplicación da fórmula de revisión excepcional de prezos, resulta o importe a abonar ao contratista de 59.444,36 € que tendo en conta as previsións da cláusula terceira do convenio asinado será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos.”

En data 16/06/2023, pola Secretaria préstase conformidade a revisión de prezos, mediante informe csv U4LF6TNOBMJIFHOI.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñe ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6 , 7 , 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do “*Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)*” adxudicado á empresa ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L. (B-88586920), aplicando a fórmula nº 151 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 59.444,36 € ,IVE incluído.

2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa empresa ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL (B-88586920) por importe 59.444,36 € con cargo á aplicación orzamentaria 2023/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

13.32781.- REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DA OBRA “MELLORA SEGURIDADE PEONIL NA EP 8405 PORTELA COUSELO PQ 0+000 O PQ 1+259 CUNTIS”.
(Expte. 2021034001)

Por Resolución Presidencial nº 2021006625 de data 7 de novembro de 2021, acordou adxudicar a “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8405 Portela-Couselo, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+259 (Concello de Cuntis)” á empresa NAROM, S.L. polo importe 102.189,39 € IVE incluído.

Con data 16 de xuño de 2022 a empresa NAROM, S.L. presenta por rexistro (WEB2022035900) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se transpone a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa



aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

O servizo técnico de Infraestruturas emite informe, con data 25 de abril de 2023(CSV: QM2PCDP582BIFPAY) no que se sinala que:

- *Trátase dun contrato que foi formalizado o día 30/11/2021 logo de que o día 29/09/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas, determinando en consecuencia o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº153 que non se axusta ao tipo de obra. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo do análise das diferentes fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 152 é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante non aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste dos materiais especificados no artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, indicando non obstante que dito incremento é dun 5,1 %. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 152 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 12,33%. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante non aporta unha xustificación do importe de revisión de prezos a abonar, pero indica un importe de revisión incongruente co orzamento da obra e a porcentaxe indicada aplicando a fórmula 153. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula nº 152 determinando que a revisión de prezos que procedería é de 15.444,00 € (con IVE).*

Con data 31/05/2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 15.444 €, mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300113935).

Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 31/05/2023, informa que:

“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante.

A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria.

A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato ou no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.”



Pola Secretaría en data 16/06/2023, préstase conformidade a revisión de prezos, no informe csv SXI4OL8KPR58CH4T.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as fórmulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do contrato da obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 8405 Portela-Couselo, do P.Q. 0+000 ó P.Q. 1+259 (Cuntis)*” adxudicado á empresa NAROM SL (-B36163418), aplicando a fórmula nº 152 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión de 15.444 €, IVE incluído.



2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa NAROM SL (B-36163418) por importe 15.444 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente Orzamento Provincial.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

14.32782.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS DE “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE AEROTERMIA SOSTIBLES II: INSTALACIÓNS DE APROVEITAMENTO DA ENERXÍA AEROTÉRMICA NOS CONCELLOS DE CATOIRA E AS NEVES DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA INVERSIÓN EN PROXECTOS SINGULARES LOCAIS DE ENERXÍA LIMPA EN MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO (PROGRAMA DUS 5000) NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”. (Expte.2023042599).

Con data 13/06/2023 a Xefa do Servizo de Cooperacións cos Municipios e a Deputada Delegada de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Arquitectura e Proxectos Europeos ditaron providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminas sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Actuación/proxecto
1	Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na Escola Unitaria e Gardería de Dimo no concello de Catoira.
2	Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na Casa Consistorial e Centro Cultural do concello de As Neves

De conformidade co previsto na providencia de inicio do expediente e tendo en conta a definición do obxecto do contrato así como os códigos CPV indicados para a definición do mesmo :

- 42510000-Intercambiadores de calor, equipos de aire acondicionado e refrixeración e aparatos para filtrar.
- 45300000-Traballo de instalación en edificios.
- 45310000.-Traballo de instalación eléctrica.



o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración. Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración.

De conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

A vista do exposto, polo técnico Fernando Pérez Albalate Ingeniero Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025) , adxudicataria do contrato de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección das obras de da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas sendo os códigos CSV dos proxectos os seguintes:

Lote	Actuación/proxecto	Código CSV
1	Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na Escola Unitaria e Gardería de Dimo no concello de Catoira.	HE9FM2DQFOK9UIFJ
2	Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na Casa Consistorial e Centro Cultural do concello de As Neves	HQYA5E2W5P2E9K5B

Vistos os informes de supervisión dos proxectos emitidos polos técnicos do Servizo de Cooperación.

Visto o informe de fiscalización dos correspondentes proxectos emitido pola intervención con data 21/06/2023 polos que se informan favorablemente os proxectos, informando así mesmo da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto de acordo co seguinte detalle:

Nº lote	Código proxecto gasto	Aplicación orzamentaria	Nº RC	Importe RC
1	922_0008_CATOIRA	23/942.1700.652.15.2021	202300124489	38.321,93 €
		23/942.1700.652.15	202300124494	14.090,43 €
2	922_0009_AS NEVES	23/942.1700.652.15.2021	202300124536	45.772,56 €
		23/942.1700.652.15	202300124538	16.719,10 €
			Total	114.904,02 €



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar os proxectos correspondentes a “*Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves dentro do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia*” que se detallan a continuación:

Lote	Actuación/proxecto	Código CSV
1	Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na Escola Unitaria e Guardería de Dimo no concello de Catoira.	HE9FM2DQFOK9UIFJ
2	Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor e/ou frío na Casa Consistorial e Centro Cultural do concello de As Neves	HQYA5E2W5P2E9K5B

Os proxectos foron redactados polo técnico Fernando Pérez Albalate Enxeñeiro Industrial Colexiado nº 5501 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Andalucía Occidental da empresa E-ADJUDICA, SL (B-72.375.025) .

15.32783.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA DIVERSEY ESPAÑA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CPF -LOTE 3”. (EXPT.E. 2018034050) (DEVOGARÁN 2023031782). (CONTRATACIÓN)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 22 de febreiro de 2019 (CSV.- 8RT64RJTVRHYFCN), adxudicouse o contrato relativo a “Subministración de artigos e produtos de drogueira, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” (Núm. Exp. 2018034050).

Para responder da realización deste contrato, a empresa DIVERSEY ESPAÑA, S.L. (B-28247849), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 678,41 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900024775, de data 11/02/2019.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Centro Príncipe Felipe no cal informa que a empresa DIVERSEY ESPAÑA, S.L. (CIF: B-28247849), cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa DIVERSEY ESPAÑA, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma. Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración de artigos e produtos de drogueira, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Expte. 2018034050), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BBVA, por importe de 678,41 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/02/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900024775.

16.32784.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA-ORAL, ASÍ COMO A SÚA POSTERIOR ENTREGA Ó OPERADOR POSTAL”. (Expte.2018041528) (Devogarán 2023042304).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2019 (CSV.- UJ916Z09LCKR05O3), adjudicouse o contrato relativo a “Servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL, así como a súa posterior entrega ó operador postal” (Núm. Exp. 2018041528).



Para responder da realización deste contrato, a empresa CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L. (B-92621762), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.685,00 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900048415, de data 12/03/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que “*finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida (...) procede a evolución da mesma*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL, así como a súa posterior entrega ó operador postal*” (Núm. Expte. 2021002730), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 3.685,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/03/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900048415.

17.32785.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE 5 DE NOVIEMBRE DE 2021 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO IDAE PARA O PROXECTO DE “URBANIZACIÓN, RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEATONAL NA AVENIDA CASTELAO, EP-9803 (MUNICIPIO DA ILLA DE AROUSA)”. (EXPTE. 2021053270)

O 5 de novembro de 2021 a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou participar no Programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000).



De conformidade co disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en relación co Procedemento de xestión e concesión das subvencións, no seu artigo 12.6. establécese que “para formular a solicitude, ademais de cubrir o correspondente formulario cos datos de identificación da persoa solicitante, acreditación da súa personalidade, capacidade, representación, investimento e/ou gastos elixibles e contía da axuda solicitada, así como dos xerais do proxecto ou das actuacións obxecto de axuda, deberase achegar, a través da Sede electrónica, a seguinte documentación:

- a) Certificado acreditativo da resolución ou do acordo do órgano de goberno ou da representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben:

1.º A participación e a aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto”.

O 24 de marzo de 2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación Provincial de Pontevedra unha resolución de concesión de axuda, por un importe máximo de 814.160,96 €, para a execución do proxecto correspondente ao expediente PR-D5000-2021-000363.

Segundo todo o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2021006591, de 5 de novembro de 2021, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, da que se lle deu conta ao Pleno da Deputación do 26 de novembro de 2021, e pola que se acorda solicitar a participación no mencionado programa en virtude do disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, para a execución a obra “Urbanización, recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na avenida Castelao, EP-9803 (concello da Illa de Arousa)”, cuxo tenor literal é o seguinte:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2021053270
ASUNTO	<i>Aprobación do proxecto singular denominado “URBANIZACIÓN, RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA CASTELAO, EP-9803 (CONCELLO DA ILLA DE AROUSA)” para a súa presentación ás axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000).</i>
TRÁMITE	RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou o 4 de agosto de 2021 (BOE núm. 185) o Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



Segundo. No artigo 1 do Real decreto 692/2021 establécese que: 'Este real decreto ten por obxecto regular a concesión directa de axudas, con carácter excepcional, e por razóns de interese público, social e económico, ás entidades previstas no artigo 6 que realicen os investimentos correspondentes á promoción e execución dun ou de varios dos proxectos contemplados no artigo 9, de acordo co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, en relación co artigo 28.2 e 3 da mesma lei.'

Terceiro. Por outra banda, no artigo 6 do citado real decreto establécense as entidades beneficiarias, e, concretamente, no apartado 1. a) indícase que poderán ser beneficiarias 'as entidades locais previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local'. Respecto diso, no citado artigo da Lei 7/85 establécese que son entidades locais territoriais o municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.

En relación co ámbito de aplicación, os proxectos para cuxa execución se solicita axuda circunscribíense aos municipios de ata 5.000 habitantes e os municipios non urbanos de ata 20.000 habitantes nos que todas as súas entidades singulares de poboación teñan ata 5.000 habitantes.

Cuarto. Entre as competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local á Deputación de Pontevedra están aquelas incluídas nas leis da comunidade autónoma nos seus diferentes sectores de acción pública; para estes efectos, a Rede Provincial de Estradas, de aproximadamente 1.700 km de lonxitude, constitúe o dominio público viario ao ser de titularidade da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 2 e 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Quinto. Esta Deputación, segundo o seu protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, publicado o 29 de maio de 2018 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102), fai unha decidida aposta polos desprazamentos a pé, en detrimento do vehículo particular, tal e como se reflicte no artigo 2, Prioridades de uso: 'Daráselles prioridade en todas as actuacións en materia viaria ás necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía será: 1.º viandante, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado. En cada proxecto establecerase e xustificarase a fórmula para garantir a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente'. Esta concepción do uso das estradas provinciais ten como consecuencia directa un menor desprazamento de vehículos, o que reduce de maneira notable o consumo de enerxías fósiles e as emisións de dióxido de carbono.

Sexto. Para dar cumprimento ao previsto no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e segundo o previsto no Protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, esta Deputación promove a obra denominada 'Urbanización, recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na avenida Castela, EP-9803 (concello da Illa de Arousa)', a cal favorece a mobilidade sostible, reduce o consumo de enerxía final e as emisións de dióxido de carbono e consegue cambios importantes na repartición modal, cunha maior participación dos modos máis eficientes en detrimento da utilización do vehículo privado con baixa ocupación.

Sétimo. Con base nos antecedentes descritos, de acordo coas competencias que me outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

1) Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real decreto 692/2021, de 3 de agosto.



- 2) *Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular denominado 'Urbanización, recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na avenida Castela, EP-9803 (concello da Illa de Arousa)', o seu orzamento total, por importe de 1.160.220,16 €, así como o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto e financiarlo na súa totalidade con carácter previo á cobranza da axuda.*
- 3) *Aprobar a memoria descritiva das actuacións que se van acometer e que conforman o proxecto singular, que se xunta e conta co código seguro de verificación 37597MAXCBU784QF.*
- 4) *Aprobar o informe enerxético que se xunta e conta co código seguro de verificación 32FUA0NF396MUFZA"*

18.32786.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE 23 DE NOVIEMBRE DE 2021 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO IDAE PARA O PROXECTO DE "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-3303 TABAGÓN-GOLÁN DESDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TRAMO II (MUNICIPIO DO ROSAL)". (Expte. 2021053307)

O 23 de novembro de 2021 a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou participar no Programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000).

De conformidade co disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en relación co procedemento de xestión e concesión das subvencións, no seu artigo 12.6. establécese que "para formular a solicitude, ademais de cubrir o correspondente formulario cos datos de identificación do solicitante, acreditación da súa personalidade, capacidade, representación, investimento e/ou gastos elixibles e contía da axuda solicitada, así como xerais do proxecto ou actuacións obxecto de axuda, deberase achegar, a través da Sede electrónica, a seguinte documentación:

- a) Certificado acreditativo da resolución ou acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben:

1.º A participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto".

O 18 de maio de 2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación Provincial de Pontevedra a resolución da concesión dunha axuda por un importe máximo de 541.907,75 € para a execución do proxecto correspondente ao expediente PR-D5000-2021-002887.



Tendo en conta todo o anterior, a Xunta de Goberno local acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2021006950, de 23 de novembro de 2021, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, da que se lle deu conta ao Pleno da Deputación na sesión do 14 de xaneiro de 2022, e pola que se acorda solicitar a participación no mencionado programa en virtude do disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goián desde o p. q. 1+795 ata o p. q. 3+600. Tramo II (municipio do Rosal)”, cuxo tenor literal é o seguinte:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2021053307
ASUNTO	<i>Aprobación do proxecto singular denominado “Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goián desde o p. q. 1+795 ata o p. q. 3+600. Tramo II (municipio do Rosal)” para a súa presentación ás axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000)</i>
TRÁMITE	<i>Resolución de solicitude de subvención</i>

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte resolución:

Primeiro. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou o 4 de agosto de 2021 (Boletín Oficial do Estado, BOE , 185) o Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Segundo. No artigo 1 do citado real decreto recóllese que: o presente real decreto ten por obxecto regular a concesión directa de axudas, con carácter excepcional, e por razóns de interese público, social e económico, ás entidades previstas no artigo 6 que realicen os investimentos correspondentes á promoción e execución dun ou varios dos proxectos contemplados no artigo 9, de acordo co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, en relación co artigo 28.2 e 3 da mesma lei.

Terceiro. Doutra banda, no artigo 6 deste real decreto establécense as entidades beneficiarias, e, concretamente, no apartado 1.a) indícase que poderán ser beneficiarias ‘as entidades locais previstas polo artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local’. Ao respecto, no citado artigo establécese que son entidades locais territoriais o municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.

Polo que respecta ao ámbito de aplicación, a execución dos proxectos para os que se solicita a axuda circunscríbese aos municipios de ata 5.000 habitantes e os municipios non urbanos de ata 20.000 habitantes nos que todas as súas entidades singulares de poboación sexan de ata 5.000 habitantes.

Cuarto. Dentro das competencias que lle atribúe á Deputación de Pontevedra a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE do 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, están aquelas contempladas nas leis da comunidade autónoma nos seus diferentes sectores de acción pública; para estes efectos, a Rede Provincial de Estradas, de aproximadamente 1.700 km de lonxitude, a cal constitúe o dominio público viario ao ser de titularidade da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 2 e 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.



Quinto. Esta Deputación, segundo o seu protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, publicado o 29 de maio de 2018 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102), fai unha decidida aposta polos desprazamentos a pé, en detrimento do vehículo particular, tal e como se reflicte no artigo 2, Prioridades de uso, ‘daráselles prioridade en todas as actuacións en materia viaria ás necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía será: 1.º peón, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado. En cada proxecto establecerase e xustificarase a fórmula para garantir a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente’. Como consecuencia desta concepción do uso das estradas provinciais reducíronse os desprazamentos en vehículos e, de maneira notable, o consumo de enerxías fósiles e as emisións de dióxido de carbono.

Sexto. Para darlle cumprimento ao previsto no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e segundo o establecido no Protocolo de actuación para os proxectos de Seguridade Viaria na Rede Provincial, esta Deputación promove a obra denominada ‘Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goján desde o p. q. 1+795 ata o p. q. 3+600. Tramo II (municipio do Rosal)’, a cal favorece a mobilidade sostible, reduce o consumo de enerxía final e as emisións de dióxido de carbono, e logra cambios importantes na repartición modal, cunha maior participación dos modos máis eficientes en detrimento do uso do vehículo privado con baixa ocupación.

Con base nos antecedentes descritos, de acordo coas competencias que me outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

- 1) *Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real decreto 692/2021, de 3 de agosto.*
- 2) *Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular denominado ‘Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goján desde o p. q. 1+795 ata o p. q. 3+600. Tramo II (municipio do Rosal)’ e o seu orzamento total por importe de 637.538,53 €, así como o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto e financiarlo na súa totalidade con carácter previo ao cobro da axuda.*
- 3) *Aprobar a memoria descritiva das actuacións que se van acometer e que conforman o proxecto singular, que se achega e conta co Código Seguro de Verificación G1Q0T8ZZIWL2DTTB.*
- 4) *Aprobar o informe enerxético que se achega e conta co Código Seguro de Verificación HFOFEJ8Q79HD0B3X.”*

19.32787.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE 5 DE NOVEMBRO DE 2021 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO IDAE PARA O PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA EP-3102 AO CEP PEDRO CASELLES DESDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 0+400 (MUNICIPIO DE TOMIÑO)”. (Expte. 2021053283)

O 5 de novembro de 2021 a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou participar no Programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000).

De conformidade co disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en relación co procedemento de xestión e concesión das subvencións, no seu artigo 12.6. establécese que “para formular a solicitude, ademais de cubrir o



correspondente formulario cos datos de identificación do solicitante, acreditación da súa personalidade, capacidade, representación, investimento e/ou gastos elixibles e contía da axuda solicitada, así como xerais do proxecto ou actuacións obxecto de axuda, deberase achegar, a través da Sede electrónica, a seguinte documentación:

- a) Certificado acreditativo da resolución ou acordo do órgano de goberno ou de representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben:

1.º A participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto”.

O 21 de marzo de 2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación Provincial de Pontevedra a resolución da concesión dunha axuda por un importe máximo de 239.444,46 € para a execución do proxecto correspondente ao expediente PR-D5000-2021-002062.

Tendo en conta todo o anterior, a Xunta de Goberno local acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2021006593, de 5 de novembro de 2021, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, da que se lle deu conta ao Pleno da Deputación na sesión do 26 de novembro de 2021, e pola que se acorda solicitar a participación no mencionado programa en virtude do disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP-3102 ao CEP Pedro Caselles desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+400 (municipio de Tomiño)”, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Resolución presidencial:

EXPEDIENTE	2021053283
ASUNTO	<i>Aprobación do proxecto singular denominado “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP-3102 ao CEP Pedro Caselles desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+400 (municipio de Tomiño)” para a súa presentación ás axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000)</i>
TRÁMITE	<i>Resolución de solicitude de subvención</i>

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte resolución:

Primeiro. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou o 4 de agosto de 2021 (Boletín Oficial do Estado, BOE, 185) o Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



Segundo. No artigo 1 do citado real decreto recóllese que: este real decreto ten por obxecto regular a concesión directa de axudas, con carácter excepcional, e por razóns de interese público, social e económico, ás entidades previstas no artigo 6 que realicen os investimentos correspondentes á promoción e execución dun ou varios dos proxectos contemplados no artigo 9, de acordo co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, en relación co artigo 28.2 e 3 da mesma lei.

Terceiro. Doutra banda, no artigo 6 deste real decreto establécense as entidades beneficiarias e, concretamente, no apartado 1.a) indícase que poderán ser beneficiarias 'as entidades locais previstas polo artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local'. Ao respecto, no citado artigo establécese que son entidades locais territoriais o municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.

Polo que respecta ao ámbito de aplicación, a execución dos proxectos para os que se solicita a axuda circunscríbese aos municipios de ata 5.000 habitantes e os municipios non urbanos de ata 20.000 habitantes nos que todas as súas entidades singulares de poboación sexan de ata 5.000 habitantes.

Cuarto. Dentro das competencias que lle atribúe á Deputación de Pontevedra a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE do 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, están aquelas contempladas nas leis da comunidade autónoma nos seus diferentes sectores de acción pública; para estes efectos, a Rede Provincial de Estradas, de aproximadamente 1.700 km de lonxitude, a cal constitúe o dominio público viario ao ser de titularidade da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 2 e 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Quinto. Esta Deputación, segundo o seu protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, publicado o 29 de maio de 2018 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102), fai unha decidida aposta polos desprazamentos a pé, en detrimento do vehículo particular, tal e como se reflicte no artigo 2, Prioridades de uso, 'daráselles prioridade en todas as actuacións en materia viaria ás necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía será: 1.º peón, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado. En cada proxecto establecerase e xustificarase a fórmula para garantir a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente'. Como consecuencia desta concepción do uso das estradas provinciais reducíronse os desprazamentos en vehículos e, de maneira notable, o consumo de enerxías fósiles e as emisións de dióxido de carbono.

Sexto. Dando cumprimento ao previsto no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e segundo o establecido no Protocolo de actuación para os proxectos de Seguridade Viaria na Rede Provincial, esta Deputación promove a obra denominada: 'Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP-3102 ao CEP Pedro Caselles desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+400 (municipio de Tomiño)', a cal favorece a mobilidade sostible, reduce o consumo de enerxía final e as emisións de dióxido de carbono, e logra cambios importantes na repartición modal, cunha maior participación dos modos máis eficientes en detrimento do uso do vehículo privado con baixa ocupación.

Sétimo. Con base nos antecedentes descritos, de acordo coas competencias que me outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, resolvo:

1) Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real decreto 692/2021, de 3 de agosto.



- 2) *Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular denominado 'Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP-3102 ao CEP Pedro Caselles desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+400 (municipio de Tomiño)' e o seu orzamento total por importe de 286.235,07 €, así como o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto e financialo na súa totalidade con carácter previo ao cobro da axuda.*
- 3) *Aprobar a memoria descritiva das actuacións que se van acometer e que conforman o proxecto singular, que se achega e conta co Código Seguro de Verificación B8G7GUMPYD7SSIKD.*
- 4) *Aprobar o informe enerxético que se achega e conta co Código Seguro de Verificación BESJ7UJ1ELUF3DZG.*

20.32788.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE 19 DE NOVEMBRO DE 2021 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO IDAE PARA O PROXECTO DE "ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI DESDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+530 (MUNICIPIO DE CERDEDO-COTOBADA)". (Expte. 2021053304)

O 19 de novembro de 2021 a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou participar no Programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000).

De conformidade co disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en relación co procedemento de xestión e concesión das subvencións, no seu artigo 12.6 establécese que "para formular a solicitude, ademais de cubrir o correspondente formulario cos datos de identificación da persoa solicitante, acreditación da súa personalidade, capacidade, representación, investimento e/ou gastos elixibles e contía da axuda solicitada, así como dos xerais do proxecto ou das actuacións obxecto de axuda, deberase achegar, a través da Sede electrónica, a seguinte documentación:

- a) Certificado acreditativo da resolución ou do acordo do órgano de goberno ou da representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben:

1.º A participación e a aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto".

O 9 de xuño de 2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación Provincial de Pontevedra unha resolución de concesión de axuda, por un importe máximo de 693.875,00 €, para a execución do proxecto correspondente ao expediente PR-D5000-2021-002752.



Segundo todo o anterior, a Xunta de Goberno local acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2021006870, de 19 de novembro de 2021, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, da que se lle deu conta ao Pleno da Deputación do 26 de novembro de 2021, e pola que se acorda solicitar a participación no mencionado programa en virtude do disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, para a execución da obra “Ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 1+530 (concello de Cerdedo-Cotobade)”, cuxo teor literal é o seguinte:

“Resolución presidencial

Expediente	2021053304
ASUNTO	Aprobación do proxecto singular denominado ‘ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 1+530 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADÉ)’ para a súa presentación ás axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000)
TRÁMITE	Resolución de solicitude de subvención

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou o 4 de agosto de 2021 (Boletín Oficial do Estado, BOE, núm. 185) o Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Segundo. No artigo 1 do citado real decreto establécese que: ‘este real decreto ten por obxecto regularlles a concesión directa de axudas, con carácter excepcional, e por razóns de interese público, social e económico, ás entidades previstas no artigo 6 que realicen os investimentos correspondentes á promoción e execución dun ou varios dos proxectos contemplados no artigo 9, de acordo co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, en relación co artigo 28.2 e 3 da mesma lei’.

Terceiro. Doutra banda, no artigo 6 do citado real decreto establécense as entidades beneficiarias e, concretamente, no apartado 1.a) indícase que poderán ser beneficiarias ‘as entidades locais previstas polo artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases reguladoras do réxime local’. Ao respecto, no citado artigo establécese que son entidades locais territoriais o municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.

Polo que respecta ao ámbito de aplicación, a execución dos proxectos para os que se solicita a axuda circunscríbese aos municipios de ata 5.000 habitantes e os municipios non urbanos de ata 20.000 habitantes nos que todas as súas entidades singulares de poboación sexan de ata 5.000 habitantes.

Cuarto. A Deputación de Pontevedra, dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, están aquelas que lle outorgan as leis da comunidade autónoma nos seus diferentes sectores de acción pública, para estes efectos, a Rede Provincial de Estradas, de aproximadamente 1.700 km de lonxitude, constitúe o dominio público viario ao ser de titularidade da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido nos artigos 2 e 9 da Lei



8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Quinto. Esta Deputación, segundo o seu Protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, publicado o 29 de maio de 2018 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102), fai unha decidida aposta polos desprazamentos a pé, en detrimento do vehículo particular, tal e como se reflicte no artigo 2, Prioridades de uso, 'daráselles prioridade en todas as actuacións en materia viaria ás necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía será: 1.º peón, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado. En cada proxecto establecerase e xustificarase a fórmula para garantir a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente'. Como consecuencia desta concepción do uso das estradas provinciais, reducíronse os desprazamentos en vehículos e, de maneira notable, o consumo de enerxías fósiles e as emisións de dióxido de carbono.

Sexto. Para cumprir co previsto no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e segundo o previsto no Protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, esta Deputación promove a obra denominada: 'ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 1+530', a cal favorece a mobilidade sostible, ao reducir o consumo de enerxía final e as emisións de dióxido de carbono e conseguir cambios importantes na repartición modal, cunha maior participación dos modos máis eficientes en detrimento do uso do vehículo privado con baixa ocupación.

Sétimo. Con base nos antecedentes descritos, de acordo coas competencias que me outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

- 1) Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real decreto 692/2021, de 3 de agosto.
- 2) Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular denominado 'MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 1+530' e o seu orzamento total por un importe de 946.599,01 €, así como o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto e financiarlo na súa totalidade con carácter previo ao cobro da axuda.
- 3) Aprobar a memoria descritiva das actuacións que se van acometer e que conforman o proxecto singular, que se achega e conta co Código Seguro de Verificación NOI07S4L1RPK9YW5.
- 4) Aprobar o informe enerxético que se achega e conta co Código Seguro de Verificación NJIBLS8ER8M5H9ZW".

21.32789.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE 5 DE NOVEMBRO DE 2021 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO IDAE PARA O PROXECTO DE "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-9212 ENTRE NOALLA E PRAIA DA LANZADA, DESDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+224 (MUNICIPIO DE SANXENXO)". (Expte. 2021053208.)

O 5 de novembro de 2021 a Deputación Provincial de Pontevedra solicitou participar no Programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000).



De conformidade co disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en relación co procedemento de xestión e concesión das subvencións, no seu artigo 12.6 establécese que “para formular a solicitude, ademais de cubrir o correspondente formulario cos datos de identificación da persoa solicitante, acreditación da súa personalidade, capacidade, representación, investimento e/ou gastos elixibles e contía da axuda solicitada, así como dos xerais do proxecto ou das actuacións obxecto de axuda, deberase achegar, a través da Sede electrónica, a seguinte documentación:

- a) Certificado acreditativo da resolución ou do acordo do órgano de goberno ou da representación competente da entidade solicitante no que, de forma expresa, se aproben:

1.º A participación e a aceptación expresa do procedemento regulado por este real decreto”.

O 24 de marzo de 2023 o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) notificoulle á Deputación Provincial de Pontevedra unha resolución de concesión de axuda, por un importe máximo de 774.015,19 €, para a execución do proxecto correspondente ao expediente PR-D5000-2021-001932.

Segundo todo o anterior, a Xunta de Goberno local acorda por unanimidade ratificar a Resolución presidencial número 2021006590, de 5 de novembro de 2021, tramitada polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, da que se lle deu conta ao Pleno da Deputación do 26 de novembro de 2021, e pola que se acorda solicitar a participación no mencionado programa en virtude do disposto no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, para a execución da obra “Mellora da seguridade viaria e senda peonil na EP-9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 1+224 (concello de Sanxenxo)”, cuxo teor literal é o seguinte:

“Resolución presidencial

EXPEDIENTE	2021053208
ASUNTO	<i>Aprobación do proxecto singular denominado ‘MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-9212 ENTRE NOALLA E A PRAIA DA LANZADA, DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 1+224 (CONCELLO DE SANXENXO)’ para a súa presentación ás axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa DUS 5000)</i>
TRÁMITE	<i>Resolución de solicitude de subvención</i>

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro. O Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital publicou o 4 de agosto de 2021 (Boletín Oficial do Estado, BOE, núm. 185) o Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



Segundo. No artigo 1 do citado real decreto establécese que: 'este real decreto ten por obxecto regularlles a concesión directa de axudas, con carácter excepcional, e por razóns de interese público, social e económico, ás entidades previstas no artigo 6 que realicen os investimentos correspondentes á promoción e execución dun ou varios dos proxectos contemplados no artigo 9, de acordo co previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, en relación co artigo 28.2 e 3 da mesma lei'.

Terceiro. Doutra banda, no artigo 6 do citado real decreto establécense as entidades beneficiarias e, concretamente, no apartado 1.a) indícase que poderán ser beneficiarias 'as entidades locais previstas polo artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local'. Ao respecto, no citado artigo establécese que son entidades locais territoriais o municipio, a provincia e a illa nos arquipélagos balear e canario.

Polo que respecta ao ámbito de aplicación, a execución dos proxectos para os que se solicita a axuda circunscríbese aos municipios de ata 5.000 habitantes e os municipios non urbanos de ata 20.000 habitantes nos que todas as súas entidades singulares de poboación sexan de ata 5.000 habitantes.

Cuarto. A Deputación de Pontevedra, dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, están aquelas que lle outorgan as leis da comunidade autónoma nos seus diferentes sectores de acción pública, para estes efectos, a Rede Provincial de Estradas, de aproximadamente 1.700 km de lonxitude, constitúe o dominio público viario ao ser de titularidade da Deputación de Pontevedra, segundo o disposto nos artigos 2 e 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Quinto. Esta Deputación, segundo o seu Protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, publicado o 29 de maio de 2018 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 102), fai unha decidida aposta polos desprazamentos a pé, en detrimento do vehículo particular, tal e como se reflicte no artigo 2, Prioridades de uso, 'daráselles prioridade en todas as actuacións en materia viaria ás necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía será: 1.º peón, 2.º ciclista, 3.º transporte público, 4.º vehículo privado. En cada proxecto establecerase e xustificarase a fórmula para garantir a convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente'. Como consecuencia desta concepción do uso das estradas provinciais, reducíronse os desprazamentos en vehículos e, de maneira notable, o consumo de enerxías fósiles e as emisións de dióxido de carbono.

Sexto. Para cumprir co previsto no artigo 9 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e segundo o previsto no Protocolo de actuación para os proxectos de seguridade viaria na rede provincial, esta Deputación promove a obra denominada MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-9212 ENTRE NOALLA E A PRAIA DA LANZADA, DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 1+224', a cal favorece a mobilidade sostible, ao reducir o consumo de enerxía final e as emisións de dióxido de carbono e conseguir cambios importantes na repartición modal, cunha maior participación dos modos máis eficientes en detrimento do uso do vehículo privado con baixa ocupación.

Sétimo. Con base nos antecedentes descritos, de acordo coas competencias que me outorga o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80, de 3 de abril), reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

1) Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real decreto 692/2021, de 3 de agosto.



- 2) *Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular denominado 'MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-9212 ENTRE NOALLA E A PRAIA DA LANZADA, DESDE O P. Q. 0+000 ATA O P. Q. 1+224' e o seu orzamento total por un importe de 910.606,14 €, así como o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto e financialo na súa totalidade con carácter previo ao cobro da axuda.*
- 3) *Aprobar a memoria descritiva das actuacións que se van acometer e que conforman o proxecto singular, que se achega e conta co Código Seguro de Verificación 21QEZPRMXCU90S30.*
- 4) *Aprobar o informe enerxético que se achega e conta co Código Seguro de Verificación 5OD1WMPCFR3VOGL9.”*

22.32790.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE DEMOLICIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA E RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA PARCELA NA QUE SE ABICA”. (Expte. 2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a relativa a “*Demolición do Parque de Maquinaria e recuperación ambiental da parcela*”, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola empresa URBING, S.L., cun prazo de execución inicial de 5 meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 7 de febreiro de 2023 entre representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre como data para finalizar a obra o 7 de xullo de 2023.

Resultando.- Que o 15.06.2023 tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de TRES (3) MESES, xa que logo “*(...) O retraso en varios meses no comezo da obra de demolición do Parque de Maquinaria da Xunqueira ao estar pendentes de obter a preceptiva licenza municipal, provocou que os traballos de plantación da vexetación que se teñen que levar a cabo para a rexeneración da zona non se podan executar nos meses de verán, sendo necesario esperar a comezos do mes de setembro para a execución dos mesmos, de xeito que poidan arraigar e establecerse plenamente*”, sendo a nova data de finalización o 07 de outubro de 2023.

Resultando.- Que con data 20.06.2023 emitiu informe a dirección facultativa recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, entendendo xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución da obra en TRES (3) MESES, ata o 07 de outubro de 2023.



Resultando- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e da Viceinterventora, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándosele un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de TRES (3) MESES na execución do Proxecto de demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela na que se abica, establecendo como data para finalizar a obra o 07 de outubro de 2023.



23.32791.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA IMPRENTA PROVINCIAL”. (Expte.2021064404)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Resultando.- Que entre ditas actuacións atópase a derivada da demolición da imprenta provincial, segundo o proxecto de actuacións redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de Cooperación (CSV Z9S9V26HDRMUKN9B), cun prazo de execución inicial de 4 meses., contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 10 de abril de 2023 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre como data para finalizar a obra a do 10/08/2023.

Resultando.- Que o 15 de xuño de 2023 (núm. Rexistro web2023038331) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES.

Resultando.- Que segundo expón a empresa “(...) O retraso no comezo da obra de demolición do Parque de Maquinaria da Xunqueira ao estar pendentes de obter a preceptiva licenza municipal, provocou que os traballos de plantación da vexetación que se ten que levar a cabo para a rexeneración da zona, non se podan executar nos meses de verán, sendo necesario esperar a comezos do outono para a execución dos mesmos, de xeito que poidan arraigar e establecerse plenamente...”, polo que a nova data de finalización da obra sería o 10 de outubro de 2023.

Resultando.- Que en data 20 de xuño de 2023 a dirección da obra emitiu informe recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución ata o 10 de outubro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e da Viceinterventora, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.



Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.

Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

-Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do Proxecto de demolición da imprenta provincial (Expte. 2021064404), establecendo como data para finalizar a obra o 10 de outubro de 2023.

24.32792.- CORRECCIÓN DE ERRO DO ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SILLEDA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO – SILLEDA DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444” (Expte. 2022073086).

Advertido un erro material no acordo da Xunta de Goberno do día 3 de marzo de 2023, punto núm. 27.32363, na numeración da estrada provincial obxecto de transferencia recollida no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución do proxecto obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro – Silleda dende o p.q. 21+070 ao p.q. 22+444”, emítese o seguinte informe:



Antecedentes.

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou entre outros, o acordo número 27.32363, aprobando o Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución do proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 7201 Cachafeiro – Silleda, dende o p.q. 21+070 ao p.q. 22+444*”.

Segundo.- Na cláusula quinta 3) do referido Convenio, establécese como obrigas do Concello “*Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento*: - E.P. 6512 Rúa de Silleda.

Terceiro.- Tal e como figura no Catálogo de Estradas da Deputación de Pontevedra, cuxa última actualización foi aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra en data 24 de febreiro de 2023, a denominación correcta da estrada é a seguinte: - E.P. 6517 Rúa de Silleda.

Cuarto.- Comprobouse a existencia dun erro material no citado acordo, en canto á numeración da estrada obxecto de transferencia, sendo a E.P. 6517 en lugar da E.P. 6512 tal e como figuraba no texto do Convenio.

Fundamentos xurídicos.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Conclusiones.

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na numeración da estrada obxecto de transferencia, polo que se estima pertinente corrixir o acordo para adaptalo e que figure a numeración correcta da estrada provincial.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, Xunta de Goberno acorda por unanimidade a corrección de erros do acordo adoptado o día 3 de marzo de 2023 (nº27.32363), no referente á numeración da estrada provincial obxecto de transferencia a prol do *Concello de Silleda* en virtude do Convenio de colaboración entre ambas institucións para a execución do proxecto obras de “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro – Silleda dende o p.q. 21+070 ao p.q. 22+444*”, de maneira que:

ONDE DI:

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Silleda obrígase a:

3) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*

- *E.P. 6512 Rúa de Silleda*



DEBE DICIR:

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Silleda obrígase a:

3) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*

- E.P. 6517 Rúa de Silleda

O resto do texto permanecerá invariable.

25.32793.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

26.32794.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Por último, a presidenta manifesta o seu agradecemento tanto a Secretaría como a Intervención polo traballo realizado durante estes oito anos e, así mesmo, a todos os membros que formaron parte da Xunta de Goberno.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as dez horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

